

CONVENIO PARA USO DA DARSENA DE AUTOBUSES DO COLEXIO LA SALLE

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo**, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte,

D. Jesús Miguel Zamora Martín, que actúa en nome e representación da CONGREGACIÓN DE LOS HERMANOS DE LAS ESCUELAS CRISTIANAS.

D. Ángel-Jesús Hernando Benito, que actúa en condición de Director do Colexio LA SALLE.

EXPOÑEN

- A- Que o día 8 de maio do ano 2000 subscribiuse entre as partes comparecentes o documento denominado "CONVENIO URBANÍSTICO PRA A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO NO PATIO DO COLEXIO LA SALLE", e aprobose polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela, prevíndose no mesmo a construción dun aparcadoiro de vehículos e unha dársena para autobuses en parte do patio do denominado colexio LA SALLE, nesta cidade de Santiago de Compostela.
- B- Na cláusula sétima do sinalado convenio establecíase que o "uso da dársena de autobuses se destinaría con carácter preferente a favor do colexio LA SALLE, dispoñendo este do seu uso completo e exclusivo de luns a venres, ambos incluídos, cunha hora de antelación á prevista como entrada e saída das clases e ata unha hora máis despois do dito horario. Así mesmo o colexio LA SALLE dispoñerá de preferencia no uso en calquera momento, horario e frecuencia, distintos dos previstos anteriormente".

Pola súa parte "o Concello de Santiago de Compostela poderá utilizar a dársena de autobuses con carácter público sen alterar ou afectar o dereito de preferencia do colexio LA SALLE. A utilización pública da dársena extinguirase no prazo de cincuenta anos contados dende a súa construción."

Así mesmo afirmábase que "a utilización pública da dársena de autobuses terá carácter de cesión condicionada nos termos do presente convenio, sen que da mesma poida derivarse ningún dereito distinto do fixado no presente convenio a favor do Concello de Santiago de Compostela ou de terceiro, se ben estes serán responsables dos danos e perdas que con ocasión da utilización pública da dita dársena se orixinen a terceiros ou á propia edificación."

Por último, "en consideración ó uso compartido público da dársena de autobuses que se fixa na cláusula sétima do presente convenio, o Concello de Santiago de Compostela compensará

economicamente o dito uso cunha cantidade de cento cincuenta mil douscentos cincuenta e tres con tres céntimos de euro (150.253'03 €)

- C- A CONGREGACIÓN DE HERMANOS DAS ESCOLAS CRISTIANAS, entidade relixiosa á que corresponde a titularidade da finca que ocupa a dársena e na que se integra o colexio LA SALLE recibiu a dársena de autobuses en perfectas condicións de funcionalidade e executada conforme ós proxectos e licenzas concedidas, tal e como se acredita ca concesión da licenza de primeira ocupación que se incorpora ó presente documento.
- D- A CONGREGACIÓN DE HERMANOS DAS ESCOLAS CRISTIANAS e o colexio LA SALLE poñen a disposición do Concello de Santiago de Compostela, que acepta, o uso da dársena de autobuses citada.
- E- Coa finalidade de compatibilizar axeitadamente a utilización da dársena par usos colexiais e o uso público que poida atribuírle o Concello de Santiago de Compostela outórgase o presente CONVENIO DE USO DA DÁRSENA, que se axustará ás seguintes:

CLAÚSULAS

1ª) As dúas partes manifestan que se mantén na súa integridade e sen ningunha variación o contido do "Convenio Urbanístico" do día 8 de maio de 2000, mencionado no apartado A da presente exposición.

Na súa consideración mantense integramente a ordenación que para o uso da dársena se efectúa na cláusula sétima do citado convenio do 8 de maio de 2000.

2ª) O Concello de Santiago de Compostela respectará no uso da dársena o dereito preferente que asiste en todo momento e circunstancia ó colexio LA SALLE na dita utilización.

3ª) O Concello de Santiago de Compostela comunicará á Dirección do colexio LA SALLE, a efectos informativos, as persoas físicas ou xurídicas e institucións públicas ou privadas ás que permita o uso da dársena.

4ª) É obrigación do colexio LA SALLE a limpeza das instalacións da dársena, así como a vixilancia da mesma. A estes efectos comprométese a establecer e manter un sistema de video-vixilancia da dársena de autobuses en conexión có sistema existente no aparcamento público de vehículos. Nembargantes, o Concello, no ámbito das súas competencias en materia de limpeza e orde público, colaborará co titular da dársena nas citadas materias.

5ª) O Concello de Santiago de Compostela será responsable ante o propietario da dársena de todos os danos e perdas que, por si ou por medio de terceiras persoas usuarias da dársena coa autorización municipal, se produzan a terceiros ou ás propias instalacións da dita dársena.

6ª) As partes comparecentes acordan a compensación económica da prestación establecida na cláusula décima do convenio do 8 de maio de 2000 coa débeda pendente de pago imputada ó colexio

LA SALLE por causa das taxas e demais gastos das licenzas de obras, actividades e demais tanto do aparcadoiro público como da dársena de autobuses, así como os intereses e recargos das ditas débedas ata a data, cancelándose as obrigas económicas entre as dúas partes, sen que se teñan nada que reclamar por tales conceptos.

En proba de conformidade co contido do presente convenio, asínase na cidade e data sinaladas máis arriba.

O alcalde
Congregación de Hermanos

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
Asdo.: Jesús Miguel Zamora Martín

Colexio LA SALLE
Asdo.: Ángel-Jesús Hermandó Benito